



006496 10 07 2013 09:37
A Resolución reitoral do 13 de xuño de 2013 pola que se publica a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2013-2014 establece o prazo para as modificacións de matrícula do segundo semestre do 28 de xaneiro ao 7 de febreiro de 2014.

Á vista das autorizacións de modificación dos calendarios de exames do primeiro semestre nalgúns centros para titulacións non adaptadas ao EEES, é necesario ampliar excepcionalmente o prazo para as modificacións de matrícula do segundo semestre nestes centros.

Así mesmo, no devandito anexo, non figura o prazo de matrícula nos Cursos complementarios para obter o grao non sometidos a límite de prazas, polo que procede emendar o erro.

É por isto que, esta reitoría

RESOLVE

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo para as modificacións de matrícula do segundo semestre naquelas titulacións nas que fose autorizada a modificación do calendario de exames do primeiro semestre e, en consecuencia, modificar o Anexo I da Resolución reitoral do 13 de xuño de 2013 pola que se publica a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2013-2014 incluíndo, no apartado "Modificación de matrícula para materias do 2º semestre e anuais" dentro do epígrafe "E. CAMBIOS NA MATRÍCULA E RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS", o seguinte texto:

Modificación de matrícula para materias do 2º semestre e anuais (titulacións co calendario de exames do primeiro semestre modificado)	Do 3 de marzo ao 14 de marzo de 2013
---	--------------------------------------

SEGUNDO: Establecer o prazo de matrícula nos Cursos complementarios para obter o grao non sometidos a límite de prazas dende o 9 de xullo ao 4 de outubro de 2014.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2013

O REITOR

Juan José Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL - SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓNS E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR - SRA. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS- SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁL/SE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDIMENTO - SR DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIONES.